

HOMENAXE A CARLOS OROZA⁹²

Ás señoras e os señores que len a prensa diaria supoño que saberán deste acto poético. Eu diría mellor, deste marabilloso momento. Xusto neste momento sae o sol para a alma dos elixidos, para os que senten a alegría de vivir a vida con todo. Pois neste todo dáse a creación artística e neste todo que nos rodea intúese, séntese o canto da solidariedade dunha humanidade soñadora.

Esta realidade ou soño, o que vostedes queiran, reborda de comprensión. Unha mancha de pintores e debuxantes españois que admiramos a poesía de Carlos Oroza, colgamos nestas paredes un momento do noso eu, en homenaxe a este gran poeta e amigo.

Tamén é certo que lle prometín a Oroza unha pequena charla en simpático acto, que tratarei de desenvolver agora mesmo, discorrendo e imaxinando o futuro da pintura galega. Aclaración: para min, “pintura galega” quer dicir “pintura”. Galicia é unha terra privilexiada para a creación. Nesta fermosa terra séguese aos mellores artistas. En Galicia, ata hai moi poucos anos, os pintores morrían tuberculosos ou con camisas de forza; e quen non acabou así, é que estaba dotado dunha saúde de ferro.

Estou falando de auténticos pintores, non me refiro aos copistas da natureza; aos que tamén ás veces a fame os levaba a devorar o queixo e as mazás que lles servían de modelo, feito que escandalizaba aos seus ricos clientes, porque lles custaran cartos os modelos.

É este un momento marabilloso. Hoxe ser pintor xa ten a súa importancia e, moito máis, ter unha boa colección de cadros. Iso é unha nota distinguidísima e pon de relevo un gusto de exquisitez, máxime se o que a posúe ten bo olfacto para a adquisición. Eu penso que sempre foi unha fermosa aventura a do comprador, mellor dito, do coleccionista de obras de arte. Aquí refírome a toda persoa que colecciona pintura actual. Eles son seres privilexiados, dotados dunha exquisita sensibilidade e unha gran paixón polo que intúen como fermoso. Eu, pintor, envéxoos tanto, tanto que se da noite

92 - Carlos Oroza (Viveiro, Lugo, 1933) poeta, amigo de Laxeiro. É considerado por moitos autores como o poeta español da Xeración Beat. Nos anos sesenta funda, con Víctor Lizárraga e Victoria Paniagua, a revista *Tropos*. Poeta máis da palabra falada que escrita, son moi apreciados os seus recitais cos que, durante os anos sesenta, se deu a coñecer en toda España. Viviu en Madrid, Ibiza e Estados Unidos, onde se lle outorgou o Premio Internacional de Poesía Underground. Recibiu numerosos recoñecementos, entre eles o Premio Laxeiro, na súa edición 2008, coincidindo co Centenario do nacemento do pintor. Actualmente vive en Vigo.

á mañá me vise cuns cantos millóns, tiraríaa cos pinceis e dedicaríame de cheo a vivir rodeado das creacións do artista de hoxe.

Perdóenme que á miña idade aínda siga soñando como aos trinta e cinco anos, datas heroicas. O oficio que tiña como alumno da *Escuela de San Fernando*, e unha tremenda carga imaxinativa, só me servían para pintar retratos de mortos. O meu mundo auténtico de pintor a moi poucos lles interesaba. Daquela, morría en Presqueiras, Soutelo de Montes, o pintor máis sutil das nosas montañas. A tuberculose levouno con todo. Virgilio Blanco⁹³. Na Coruña vagaba polas rúas un home de gran personalidade, que te sorprendía pedindo dúas pesetas. Era o pintor Concheiro⁹⁴; que sendo unhas das promesas máis grandes entre os discípulos de don Fernando de Sotomayor⁹⁵, esgotou a vida coa carga interior dun misterioso peso que o destruíu como home e como artista, levándoo á morte co sudario da loucura. De todos estes mártires, o que máis resistiu foi Lino Villafínez⁹⁶, home feito dun material humano tan perfecto como unha estrela de mar. Pintou, viviu e sufriu en Santiago de Compostela ata a idade de setenta e oito anos. O retrato que me fixo un día da súa muller morta está cheo de poesía e amor: “A miña muller era tan fea por fóra como bonitiña por dentro”. Despois seguía: “E Santiago é tan feo por dentro coma bonitiño por fóra”. Aquí non debo deixar de contarlles o que este xenial home nos descubriu ao seu fillo Villafínez e a min, despois de tomarmos un chocolate ás tres da madrugada nunha das típicas cafeterías santiaguesas.

A Villafínez pai dotárao a natureza dunha fermosa cabeza. Os seus grandes ollos coma dous mares, abríronse por completo e díxonos: “Agora vouvos levar a que vexades un recuncho de Santiago por dentro”. Seguímolo por unhas rúas cheas de misterio compostelán. Durante o percorrido foinos falando do mundo pictórico do pintor Patinir, ao que lle tiña unha desmedida admiración. Estaba tan cheo de interese literario e

93 · Virgilio Blanco Garrido (San Miguel de Presqueiras, Forcarei, 1896-1948). Pintor. Ver texto 147 e 222 da presente publicación.

94 · Jesús González Concheiro (A Coruña, 1897 - 1955). Pintor. Discípulo de Fernando Álvarez de Sotomayor (Ferrol, 1875 - Madrid, 1960), estudou no Círculo de Bellas Artes de Madrid. Ao seu regreso a Galicia, a principios dos anos trinta, comeza a sufrir síntomas de esquizofrenia e realiza debuxos estraños e absurdos pero dun grande interese plástico, aínda que de escasa repercusión, retirándose paulatinamente da vida artística.

95 · Fernando Álvarez de Sotomayor (Ferrol, A Coruña, 1875 - Madrid, 1960). Pensionado en Roma, coñece a fondo a pintura renacentista e barroca florentina, romana e veneciana. En 1904 obtén a segunda medalla na Exposición Nacional de Belas Artes e, en 1906, logra a primeira medalla na mesma exposición. En 1907 acada recoñecemento internacional en Barcelona e en 1910 é galardoado en Bos Aires. Na Exposición Internacional de Barcelona de 1929 dedícaselle unha sala independente. En 1909 logra a medalla de bronce en Liexa e de ouro en Múnic. Membro da *Real Academia de Bellas Artes de San Fernando* desde 1922, é nomeado director da mesma en 1953. Antes fora profesor e despois director da *Escuela de Bellas Artes de Chile*. En 1919 é nomeado subdirector do *Museo del Prado* e director en 1922 Desempeñará o cargo de director ata 1931, recuperándose en 1939 e ocupándose ata a súa morte. Cun posicionamento totalmente academicista, nunca quixo adscribirse ás tendencias innovadoras que xorden desde comezos do século XX, razón pola que o mozo Laxeiro e os seus compañeiros de xeración, rexeitaron a súa pintura nun primeiro momento para, xa na madurez, admirar a súa mestría.

96 · Lino Martínez Villafínez (Marín, 1892, Santiago de Compostela, 1970) Pintor. Ver textos 76, 77 e 115 da presente publicación.

pictórico o que falaba, que eu perdín o sentido da distancia que percorrерamos. Fomos sorprendidos polo ladrido dun can que viña atacarnos, pero ao dicirlle Villafínez: “Como che vai, carrucho?”. O animalíño botouse a rir co rabo e a lamber as mans do mestre. Nós estabamos diante dunhas casas de planta baixa. Nunha destas portas petou Villafínez dunha maneira moi particular, pronto se oíu a voz gastada dunha muller: “Quen é?”. Abriuse deseguida a parte de arriba da porta, á que asomou unha gran cabeza humana que igual podería ser de home que de muller. Non tiña pelo, lembroume decontado unha cabaza e, abrindo a parte baixa da porta, cun sorriso, mandounos pasar. O primeiro en entrar foi Villafínez pai, ao que abrazou cuns brazos esqueléticos e mans con dedos de pés de araña peluda. Indicounos que nos sentásemos nunha especie de sofás un tanto gastados, pero intuíase que foran de casa rica. A luz eléctrica era moi tenue, non se contornaban ben as cousas. Villafínez fillo tiña aspecto de asustado, eu mirábao a el e mais ao pai. Este, chiscándome a min un ollo, díxolle á moza deforme: “Dille á túa nai e á avoa que está aquí Lino con dous amigos”.

(...)

Fumaban e falaban moi baixiño. Nisto abriuse a porta do cuarto onde se metera a pelada. No marco fai a súa aparición unha especie de xiganta cabezuda que, con risa de monicreque, se achega a nós nunha cadeira de rodas, empurrada pola estraña rapaza que nos recibiu. Villafínez pai érguese e, moi respectuosamente, saúdaa e preséntanola con estas palabras: “Diante vosa tendes á que foi a deusa da beleza galega”. O tremendo esperpento nin se inmutou. Escoitaba atentamente a Villafínez, movendo uns pequeniños ollos que nos enfocaban un por un. De repente, pecha a boca desdentada e ínchanselle as fazulas como a un gaiteiro cando enche de aire o fol da gaita. Unhas tremendas veas comezaron a destacárselle por aquel rostro que semellaba un globo disposto a voar ou a estourar. A pelada, que tiña a súa cara apegada á meixela deste fenómeno, en actitude de agarimo, apertoulle fortemente a meixela contra a súa. O estoupido que se oíu foi o máis parecido ao dun globiño que se pincha. A cara de dona Concha desconxestionouse, quedando nunha actitude admirativa e bondadosa. Villafínez fíxoa rir con algo que lle besbellou ao oído. Rápida, a pelada di: “Señor Villafínez, o pai xa non pode vir ao salón. Leva cinco anos na cama e desde onte medroulle a barriga tanto que parece o Pico Sacro⁹⁷”. Villafínez preguntalle á pelada pola súa nai e polos seus dous irmáns. Esta, cos ollos deitando bágoas, dille: “A mamá hai agora un ano que a enterraron, despois de amputarlle as dúas pernas e unha man que lle incharon coma unha bola de pan, e aos meus dous irmáns, xa moi desfigurados

97 . Pico Sacro, mítico monte de morfoloxía puntiaguda, elévase uns seiscientos metros sobre o nivel do mar moi preto de Santiago de Compostela. Fonte de innumerables lendas e contos populares, foi adorado polos habitantes da contorna desde antes da era cristiá, e tamén cumpriu un papel esencial no mito do traslado do corpo do apóstolo Santiago.

pola enfermidade que sufrían, levounos unha ambulancia unha noite de estrelas”. O fillo de Villafínez aperta a súa man dereita crispando os dedos contra o rostro, e di: “Pai! Marchemos, xa está ben! Para que nos trouxeches aquí?”. Villafínez contéstalle: “Santiago é tan bonitiño por fóra coma feo por dentro...”

Perdóenme que me apartase un pouco do cabalete, pero quizais agora poida aclarar ou tratar de adiviñar o que nos traerán futuras primaveras da pintura galega.

Hoxe o que pode, ou mesmo aquel que ten que facer un grande esforzo, sente unha grande atracción pola pintura e é feliz pendurando un cadro ou un debuxo na súa casa. Hoxe, os grandes precursores da cultura son os nenos de catro a seis anos. As súas libres interpretacións e as súas xeniais creacións son un amencer constante de mundos plásticos. Tanto en colexios do Estado como en particulares, o neno é cultivado no debuxo coma nunca. Os pais están recibindo constantemente grandes leccións de cor. O neno chega do colexio e, tolo de alegría, non deixa en paz aos pais e irmáns ata que lle vexan os seus debuxos.

Penso que este feito esperta no inconsciente dos seus pais unha especie de necesidade de visitar exposicións de pintura. O tremendo é que aos maiores estanos vedada esa limpa inxenuidade do neno, que é a única maneira de sentir a pintura. Hai unha gran maioría de tipos de xente que son grandes inimigos dos auténticos valores pictóricos, a estes eu chámolles os “entendidos”. A esta clase de xente nunca a escoito, pero si que finxo unha grande atención aos seus teorizantes conceptos.